

CCR/Ra

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN:

Dada conta da comunicación do Grupo Provincial do Partido PSdeG-PSOE de data 28 de marzo de 2025 (núm. de Rex. Web 2025023134) pola que solicita a convocatoria dun pleno extraordinario para debater na súa orde do día a moción que adxunta.

Resultando que a citada petición reúne os requisitos necesarios para elo e considerando o disposto nos artigos 46.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, 78.2 e 3 do RD 2568/86, de 28 de novembro e 16.2 do Regulamento Orgánico Provincial, e no uso das facultades que me están conferidas polo artigo 34.1.c) da lei 7/1985, de 2 de abril e 61.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

Convocar sesión extraordinaria do pleno da Excm. Deputación Provincial o día 16 de abril (mércores) ás 10:00 horas de acordo coa seguinte:

ORDE DO DIA

1. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste ao Presidente da Xunta que apoie a petición do Concello de Vigo esixindo á Federación Española de Fútbol a publicación de todos os criterios e puntuacións de todas as candidaturas presentadas e outros acordos complementarios.

Notifíquese esta resolución a todos os compoñentes da corporación e publíquese no boletín oficial da provincia.

(Documento asinado electronicamente á marxe)

